


CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 3 —

ECONOMÍA SOCIAL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

BENIGNO SÁNCHEZ GARCÍA
INSPECTOR DE TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL

3.1. A ECONOMÍA SOCIAL. INTRODUCCIÓN

3.2. A ECONOMÍA SOCIAL NO CONXUNTO DO ESTADO

3.3. A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

3.4. COOPERATIVAS

CADRO 3.1. COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS NOS REXISTROS PROVINCIAIS E NO REXISTRO CENTRAL, SEGUNDO A CLASE DE COOPERATIVA, E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS. GALICIA. 2024

CADRO 3.2. COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS POR ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2024

3.5. SOCIEDADES LABORAIS

CADRO 3.3. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS POR PROVINCIAS. GALICIA. 2011-2024

CADRO 3.4. SOCIEDADES LABORAIS: ACTOS INSCRITOS SEGUNDO A PROVINCIA DO DOMICILIO SOCIAL. GALICIA. 2024

CADRO 3.5. SOCIEDADES LABORAIS. MODIFICACIÓNS ESTATUTARIAS. GALICIA. 2011-2024

CADRO 3.6. SOCIEDADES LABORAIS QUE CAUSARON BAIXA POR PROVINCIAS. GALICIA. 2011-2024

CADRO 3.7. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DO NÚMERO SOCIOS DESAGREGADA POR SEXO E TIPO DE PARTICIPACIÓN

NAS SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS. GALICIA. 2024

CADRO 3.8. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS, SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2024

CADRO 3.9. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS, SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA, TIPO DE PARTICIPACIÓN E SEXO. GALICIA. 2024

3.6. CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

CADRO 3.10. CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO CONSTITUÍDOS. GALICIA. 2024

3.7. OUTRAS ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

Capítulo 3. ECONOMÍA SOCIAL

3.1. A economía social. Introducción

A economía social está presente nos foros internacionais multilaterais máis importantes. Por citar un só deles, pero de moita relevancia, temos que referirnos á resolución aprobada en 2023 pola ONU, a primeira da súa historia nesta materia, que identifica á economía social como un factor clave para un desenvolvemento sostible e da Axenda 2030. No proceso de impulso que levou a esta resolución, xogou un destacado papel o Goberno de España, a través do Ministerio de Traballo e Economía Social.

A vixente lei española de economía social (Lei 5/2011, do 29 de marzo) describe, no seu artigo 4, os seus principios orientadores, sinalando como tales “a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta na xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas aportacións de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas aportacións ao capital social. b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo aportado e o servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade. c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sostibilidade. d) Independencia respecto aos poderes públicos”.

Así mesmo, e de acordo co artigo 5.1 da Lei, “Forman parte da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior”.

Pola súa parte, o artigo 5 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, establece que “As entidades de economía social, inspiradas polos valores de axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, autonomía, autoxestión, responsabilidade social e preocupación polas demais persoas, están informadas polos seguintes principios orientadores: a) A primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade, ou en función do fin social, ca en relación

coas súas achegas ao capital social. b) A aplicación dos resultados obtidos da actividade económica, principalmente en función do traballo achegado e do servizo ou da actividade realizados polas socias e os socios ou polas persoas integrantes, se for o caso, ao fin social obxecto da entidade, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sustentable, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral. c) A promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a cooperación, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e máis a sustentabilidade. d) A independencia a respecto dos poderes públicos. e) O compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro. f) O fortalecemento da democracia institucional e económica”.

Por fin, o artigo 6 da Lei 6/2016 determina que “1. Forman parte da economía social de Galicia: a) as sociedades cooperativas galegas, b) as mutualidades, c) as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, d) as sociedades laborais, e) as empresas de inserción, f) os centros especiais de emprego, g) as confrarías de pescadores, h) as sociedades agrarias de transformación, i) as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, e j) as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos nesta lei, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial. 2. Así mesmo, poderán formar parte da economía social de Galicia as entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan aos principios regulados no artigo 5, e que sexan incluídas no Catálogo de entidades da economía social, regulado no seguinte artigo”.

3.2. A economía social no conxunto do Estado

O informe sobre a “análise do impacto socioeconómico dos valores e principios da economía social en España”, correspondente ao ano 2023, e publicado pola Confederación Empresarial Española da Economía Social (en adiante, CEPES), supón unha importante radiografía da relevancia deste sector no conxunto da economía española. Este informe pon de manifesto que as empresas e entidades deste ámbito da economía son 43.000, que dan ocupación a 2,5 millóns de persoas e aportan á sociedade 11.026 millóns de euros anuais, que son case 5.000 millóns de euros máis que en 2019. A súa facturación supón o 10 % do PIB de España.

Por outra banda, 6,3 de cada 100 organizacións do sector privado da economía pertencen á economía social, con importantes diferencias aquí entre as distintas comunidades autónomas. Así, destaca o informe que comentamos que en comunidades autónomas con baixa densidade empresarial, a economía social ten unha importancia maior. É o caso de Extremadura, onde

alcanza o 9,5% do total do tecido produtivo, ou de Castela-A Mancha, onde esa porcentaxe é do 8,4%. Noutras comunidades autónomas, por razóns históricas, culturais ou institucionais, o desenvolvemento da economía social, segue a dicir o informe de CEPES, ten sido tamén maior. É o caso de Navarra, onde representa o 9,8% do tecido produtivo, ou do País Vasco (o 8,7%). Pola contra, nas Illas Baleares (4,7%), Canarias (4,8%) e Madrid (3,9%) o peso da economía social non supera o 5%. Segundo, CEPES, en Galicia esa porcentaxe é do 5,6%.

Continúa o informe de CEPES sinalando a importancia relativa desigual da economía social no tecido produtivo de cada sector de actividade. Así, no subsector de coidados e outros servizos sociais, o peso da economía social alcanza o 43%; no subsector de cultura e ocio, o 35,2%; no subsector de educación, o 26,0%; na agricultura o 12,8%; e na enerxía e auga o 10,9%. Pola contra, a súa presenza é moi reducida na construción (1,3%) e na hostalaría e restauración (1,3%).

3.3. A economía social en Galicia

En Galicia, contamos co “Informe da Economía Social en Galicia 2023”, elaborado polo Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), ligado á Universidade de Santiago de Compostela.

As grandes cifras da economía social en Galicia, indícanos, seguindo fontes da Xunta de Galicia, que esta representa o 7% do PIB galego, cun impacto anual de 850 millóns de euros, xerando máis de 17.000 empregos directos.

Pasamos a facer unha descrición do acontecido en 2024 (con datos referidos a 2023 ou a 2022, cando non se conta con datos de 2024) nas entidades que integran a economía social, máis pormenorizada nas tres que veñen constituíndo o eixo da análise deste sector, nos sucesivos informes deste Consello Galego de Relacións Laborais: cooperativas, sociedades laborais e centros especiais de emprego.

3.4. Cooperativas

De acordo co informe do CECOOP correspondente a 2022, a 31.12.2022 había inscritas en Galicia 1.265 cooperativas con actividade, situadas principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra, atopándose os seus domicilios máis en territorios rurais que urbanos. A pesares disto, Vigo é o concello que máis cooperativas activas ten, en concreto o 14% de todas a cooperativas de Galicia.

E tomando como base os datos facilitados pola Consellería Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, sobre o número de cooperativas constituídas e rexistradas nos rexistros provinciais e autonómico en 2024, e atendendo tamén aos recollidos en informes anteriores, resulta que, en 2024, constituíronse en Galicia 190 cooperativas, que integran 586 socios, fronte ás 138 cooperativas, que integraban 434 socios, en 2023; ás 142 cooperativas, que integraban 542 socios, de 2022; ás 135 cooperativas, con 443 socios, de 2021; e ás 98 cooperativas, das que

formaban parte 255 socios, de 2020. De conformidade con estes datos (cadro 3.1) a provincia que amosou un maior dinamismo neste punto foi, un ano máis, a de Pontevedra, provincia na que se constituíu o 65,8% das cooperativas do total galego (o 51,4% en 2023), que agrupan ao 64% das persoas socias (o 36,4% en 2023). Por tipo de cooperativa, o protagonismo case absoluto (o 83,7% do total de cooperativas constituídas en 2024; o 75,4% en 2023) corresponde ao cooperativismo de traballo asociado, como, tamén aquí, ven ocorrendo ano tras ano.

Cadro 3.1

Cooperativas constituídas nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo a clase de cooperativa, e número de persoas socias promotoras. Galicia. 2024

	REXISTRO DE COOPERATIVAS DE GALICIA										Total	
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Central			
	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios	Nº coop.	Nº socios
Agrarias	1	4					1	4			2	8
Consumidores e usuarios			2	62			1	60	1	9	4	131
Ensino											0	0
Ensino-traballo asociado											0	0
Explotación comunitaria da terra	1	2									1	2
Mar											0	0
Mixtas traballo asociado											0	0
Sanitarias de traballo asociado											0	0
Servizos									1	5	1	5
Servizos-traballo asociado											0	0
Traballo asociado	30	62	6	13	13	28	107	241	3	7	159	351
Transportistas							1	2			1	2
Transportistas-traballo asociado											0	0
Vivenda	4	11					5	43			9	54
Crédito											0	0
Integración social	1	2									1	2
Xuvenil-explotación comunitaria da terra											0	0
Xuvenil-traballo asociado	2	6					10	25			12	31
Segundo grao											0	0
Total	39	87	8	75	13	28	125	375	5	21	190	586

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Dende o punto de vista da actividade desenvolvida, a metade das cooperativas constituídas en Galicia en 2023 pertencen, e por esta orde, aos subsectores do comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas; hostalaría; construción; e actividades profesionais, científicas e técnicas.

Cadro 3.2

Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras por actividade económica. Galicia. 2024

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Rex. Central		Total	
		Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios	Coop.	Nº socios
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	3	10			1	2	1	4	1	5	6	21
B	Industrias extractivas											0	0
C	Industria manufacteireira	7	14	1	2			13	27			21	43
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado											0	0
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			2	62			1	60			3	122
F	Construción	5	13	1	3	1	2	10	55			17	73
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	4	3	6	3	8	28	63	1	3	37	84
H	Transporte e almacenamento	1	2					3	6			4	8
I	Hostalaría	4	8			1	2	18	47			23	57
J	Información e comunicación	2	6					6	12	1	2	9	20
K	Actividades financeiras e de seguros											0	0
L	Actividades inmobiliarias							2	4			2	4
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	6	12			1	2	10	24			17	38
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	1	2			2	4	8	19			11	25
O	Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria											0	0
P	Educación	1	2					3	7			4	9
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais	5	10	1	2			4	8	1	9	11	29
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2	4			1	2	8	18	1	2	12	26
S	Outros servizos					3	6	10	21			13	27
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio											0	0
U	Actividades de organizacións e organismos extraterreitoriais											0	0
Total		39	87	8	75	13	28	125	375	5	21	190	586

Fuente: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

3.5. Sociedades laborais

O informe da CECOOP sinala que, en 2023, había en Galicia 689 sociedades laborais activas (653 en 2022), atopándose a maioría delas nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Segundo o informe CECOOP, A maioría exercen a súa actividades nos servizos (71,3%), seguidas pola industria (13,6%), a construción (12,6%) e a agricultura (2,5%).

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, (cadro 3.3) en 2024 constituíronse en Galicia 77 sociedades laborais, supoñendo as constituídas na provincia de Pontevedra o 70,1% do total (o 66.1% en 2023). No que ten que ver coa evolución deste parámetro no período 2011/2024, podemos constatar unha tendencia á baixa, con importantes

repuntas en 2023 e 2024, sen embargo. algunhas repuntas puntuais. En sintonía coa tendencia apuntada, o número das sociedades laborais que causaron baixa en 2023 e 2024 é o menor desde 2011 (cadro 3.6).

Cadro 3.3
Sociedades laborais constituídas por provincias. Galicia. 2011-2024

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	20	26	18	18	13	7	6	15	8	8	8	1	6	13
Lugo	2	7	2	5	1	1	0	3	2	0	1	2	11	5
Ourense	10	15	3	6	5	3	4	3	2	2	2	2	2	5
Pontevedra	16	13	22	13	16	18	19	24	20	13	17	19	37	54
Galicia	48	61	45	42	35	29	29	45	32	23	28	24	56	77

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Cadro 3.4
Sociedades laborais: Actos inscritos segundo a provincia do domicilio social. Galicia. 2024

	Constituídas	Mod. Estat.	Baixa	Totais
A Coruña	13	8	9	30
Lugo	5	3	10	18
Ourense	5	2	3	10
Pontevedra	54	13	15	82
Galicia	77	26	37	140

Cadro 3.5
Sociedades laborais. Modificacións estatutarias. Galicia. 2011-2024

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	7	11	15	11	6	12	8	37	22	4	13	7	4	8
Lugo	2	7	2	1	1	3	2	12	1	3	4	6	5	3
Ourense	5	4	1	4	2	0	1	5	3	1	1	1	1	2
Pontevedra	10	14	13	12	11	9	12	26	9	4	8	7	7	13
Galicia	24	36	31	28	20	24	23	80	35	12	26	21	17	26

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Cadro 3.6

Sociedades laborais que causaron baixa por provincias. Galicia. 2011-2024

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	26	20	18	23	15	19	41	50	60	9	13	22	7	9
Lugo	15	14	23	8	8	4	25	15	9	3	6	3	2	10
Ourense	11	14	14	13	14	5	10	10	10	2	3	11	3	3
Pontevedra	25	23	24	20	20	11	25	50	32	24	21	23	16	15
Galicia	77	71	79	64	57	39	101	125	111	38	43	59	28	37

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Desde o punto de vista societario, o 94,3% 97,8% das persoas socias das sociedades laborais constituídas en 2024 son socias de traballo (o 97,8% en 2023 e o 98,3% en 2022), e un 63,3% homes (o 68,1% en 2023 e o 55,9% en 2022).

Cadro 3.7

Distribución provincial do número socios desagregada por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas. Galicia. 2024

	Totais socios		Totais socios por sexo		Socios por tipo de participación			
	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Homes	Mulleres	Homes socios traballo	Mulleres socias traballo	Homes socios capital	Mulleres socias capital
A Coruña	35	0	20	15	17	13	3	2
Lugo	15	0	9	6	8	6	1	0
Ourense	11	0	8	3	8	2	0	1
Pontevedra	116	0	75	41	72	41	3	0
Total	177	0	112	65	105	62	7	3

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Unha de cada catro (exactamente, o 26,0%; o 26,8% en 2023) das sociedades laborais constituídas en Galicia en 2024 (cadro 3.8) están encadradas no subsector do comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas.

Cadro 3.8

Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica. Por provincias. Galicia. 2024

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios	Nº SS LL	Nº socios
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	6							2	6
B	Industrias extractivas										
C	Industria manufacteireira							3	7	3	7
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado										
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación										
F	Construción	2	5					5	11	7	16
G	Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	3	10	2	8	1	3	12	25	18	46
H	Transporte e almacenamento							2	4	2	4
I	Hostalaría	3	7	1	2	1	2	11	24	16	35
J	Información e comunicacións							3	6	3	6
K	Actividades financeiras e de seguros										
L	Actividades inmobiliarias			1	3			1	2	2	5
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	1	2					3	9	4	11
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares							4	8	4	8
O	Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria										
P	Educación							2	4	2	4
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais							1	2	1	2
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento					2	4	2	4	4	8
S	Outros servizos	2	5	1	2	1	2	5	10	9	19
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio										
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
Total		13	35	5	15	5	11	54	116	77	177

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Cadro 3.9

Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica, tipo de participación e sexo. Galicia. 2024

Cód.	Actividade	Nº SS LL	Total persoas socias	Persoas socias		Sexo		
				De traballo	De capital	Home	Muller	Persoa xurídica
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	6	6		4	2	
B	Industrias extractivas							
C	Industria manufactureira	3	7	7		6	1	
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado							
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación							
F	Construción	7	16	15	1	10	6	
G	Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	18	46	42	4	30	16	
H	Transporte e almacenamento	2	4	4		3	1	
I	Hostalaría	16	35	32	3	15	20	
J	Información e comunicacións	3	6	6		5	1	
K	Actividades financeiras e de seguros							
L	Actividades inmobiliarias	2	5	4	1	3	2	
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	4	11	10	1	9	2	
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	4	8	8		4	4	
O	Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria							
P	Educación	2	4	4		3	1	
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais	1	2	2		1	1	
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4	8	8		8		
S	Outros servizos	9	19	19		11	8	
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio							
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais							
Total		77	177	167	10	112	65	0

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. e Igualdade. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

3.6. Centros especiais de emprego

Esta modalidade de organización produtiva, que persegue a integración laboral das persoas con diversidade funcional, contaba en 2023, segundo o informe do CECOOP, con 128 centros (153 en 2022). En torno ao 82% destes centros adopta a forma xurídica de sociedade limitada. Case a metade (o 45,3%) leva a cabo actividades dentro do sector servizos, maioritariamente en actividades administrativas e de servizos auxiliares, en concreto tarefas de limpeza xeral de edificios e xardinería.

En 2024 (cadro 3.10), constituíronse en Galicia 8 centros (7 centros en 2023 e os mesmos en 2022). O 90,6% dos seus integrantes son persoas con discapacidade, deles tan só o 21,9% homes (o 79,7% en 2023).

Cadro 3.10

Centros especiais de emprego constituídos. Galicia. 2024

Centros especiais de emprego	Centros de traballo	Persoas traballadoras		Persoas con discapacidade		Persoas sen discapacidade	
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
8	8	7	25	7	22	0	3

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

3.7. Outras entidades da economía social en Galicia

- Empresas de inserción. O informe da CECOOP cifra en 14 as empresas de inserción existentes en Galicia en 2023 (13 en 2022), a maioría na provincia da Coruña e do sector servizos.
- Confrarías de pescadores. Segundo o Informe da CECOOP son 63 as confrarías de pescadores existentes en Galicia en 2023 (as mesmas que en 2022), que representan o 31,8% do total das que hai no conxunto do Estado. A provincia de A Coruña conta con 35, Pontevedra con 22 e Lugo con 6. Están organizadas en tres federacións, que conforman a Federación Galega de Confrarías de Pescadores.
- Sociedades agrarias de transformación. A CECOOP cifra en 1.039 as existentes en Galicia en 2023 (1050 en 2022), nas que participan 10.028 socios (10.104 en 2022). A Coruña e Lugo son as provincias que acollen o maior número de SAT.
- Comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común. En 2023, segundo CECOOP, había 3.376 montes veciñais de man común (3.371 en 2022), cunha superficie de preto de 660.000 hectáreas. Ourense ocupa o 38,6% desta superficie e Lugo o 27,2%. A súa titularidade ven ostentada por 36 mancomunidades e 3.024 comunidades de montes veciñais en man común, con cerca de 117.000 comuneiros..
- Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social. Segundo o informe de CECOOP, en 2023 tiñan a súa sede en Galicia unha mutua de seguros e tres mutualidades de previsión social pertencentes á economía socia, as mesmas que en 2022.